

A transcendencia da Asociación de Escritores Galegos

Por Xoán X. SANTAMARIA CONDE

Desde hai pouco menos dun ano, ven funcionando unha vez constituída como tal, a **ASOCIACION DE ESCRITORES EN LINGUA GALEGA**. Agrupación, ésta, para a que o **escritor galego** o é en tanto que **escritor en galego**, independentemente da súa pertencencia, ou non, á Galiza por razóns de nacemento ou viciñanza: ben sexan escritores de creación: de novelas, de poesía ou de teatro, ora se trate de ensaístas, intelectuais, estudosos ou investigadores que desenvolven o seu labor na lingua do país. Pois ben, os directivos, desta Asociación de Escritores intentan promover a celebración próxima, do I Congreso da mesma, todo o que nos move, polo seu interese xeral e non sómente para os escritores galegos en concreto, a facer as consideracións e suxerencias que, ao seguir, imos desenvolver.

Escreber en galego, até o de agora, apenas é **profesión** de alguén, e, para quen o sexa en maior ou menos medida, a Asociación constitúe, e debe constituir, un medio de encontro, análise e defensa dos seus intereses especificamente profesionais. Más, alén disto, a importancia do devandito congreso trascende mais aló do ámbito das preocupacións e problemas propios do escritor galego, entendido en senso estrito, para inserirse dentro da problemática da lingua e mais da cultura galega. A mesma imprensa, e restantes medios de comunicacións, deberán xa que logo, facerse eco -como xas comenza a ocorrer(1)- deste Congreso de próxima celebración, así como dos debates e reflexións que nel van ter lugar previsiblemente.

Polo interese xeral dos temas susceptibles de seren abordados e analizados neste congreso, quen dúbida que, en primeiro lugar están o da normalización e o da normativización da lingua. Todo o que esixe exposicións e plantexamentos diversos, que de todo tipo,

existen no país como ámbito dos estudosos e especialistas nestas materias. E isto con especial referencia aos problemas sociolingüísticos das mesmas. Da pluralidade de plantexamentos, do seu contraste, así como da vontade sincera de diálogo vai depender, sen dúbida, a utilidade deste I Congreso de Escritores Galegos.

Nun segundo orde, está entre outros temas posibles o da presenza do idioma galego nas distintas manifestacións científicas culturais e artísticas de todo tipo, como dos problemas que se presentan nestes eidos con relación á lingua.

Por todo o aquí sinalado, haberá que pensar pois, na conveniencia de que o congreso anque promovido pola **Asociación de Escritores en Lingua Galega**, estexa aberto tamén a toda persoa interesada e preocupada entre outros, por temas como os apuntados, como por toda laboureira en prol do que significa a dignificación do noso pobo -através da súa lingua e cultura propias- como especifica colectividade humana que é. Mesmo por isto deberíase contar, para a presentación das distintas ponencias e comunicacións, con distintos estudosos, investigadores e profesionais que, habitualmente se moven nas distintas manifestacións da cultura galega de hoxe, sexan ou non escritores. Este é o papel, pensamos, que aos escritores galegos os obriga a súa condición de tales como a de dinamizadores culturais que son -da lingua e cultura propias da Galiza-, ao servizo da nosa terra. De que así aconteza, de ir adiante a idea deste congreso, vai depender a súa importancia e transcendencia.

(1).-X.L. MENDEZ FERRIN. "O Congreso dos escritores galegos". "Hoja del Lunes". Vigo, 9-III-81.

